



Valdoviño



VALDOVIÑO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000037

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e cinco minutos do día cinco de novembro de dous mil vinte e catro, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 670 de data 4 de novembro/2024 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López: don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 29.10.24 (ORDINARIA).-

O alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 29.10.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-EXPEDIENTE DA AREA DE OBRAS E URBANISMO.-

- Licenza de primeira ocupación.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Expte.07/2012.- [REDACTED] (sustituye a [REDACTED]) -
Para a licenza de primeira ocupación de vivanda unifamiliar sita en A Carreira 96, Parroquia de Sequeiro e que se corresponde co expediente de obras nº 122/2006, con licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/08/2010 e validación de documentación complementaria o 24/09/2024.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 28/10/2024 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto e polo tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como **FAVORABLE**.

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, **PROPÓN** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder ao peticionario [REDACTED] (sustituye a Enrique [REDACTED]) a **licenza de 1ª ocupación** de vivenda unifamiliar sita en Lugar A Carreira 96, Parroquia de Sequeiro, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro , do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.

Segundo.- Practicaraselle a liquidación da taxa por expedición de licenza de 1ª ocupación, cuxo importe é de **85,95 euros**, segundo calculo que consta no informe do arquitecto municipal de 28/10/2024.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os Servizos Económicos aos efectos oportunos.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.
O alcalde, Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U007/000008).

3º.- RESERVA DE VÍA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR JOSE GONZALO GOMEZ PREGO EN REPRESENTACIÓN DE COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN FONTE AREA FONTE DE ROBLES. AUTORIZACIÓN Nº 53.-

“En data 05/08/2024, rexistrase co número 202499900001348, escrito presentado por Jose [REDACTED] Prego co DNI [REDACTED] en representación de Comunidade de Propietarios da urbanización Fonte Area Fonte de Robles, solicitando vado para o vial Cruz Vermella do Mar, 1C.6.0105, Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local de data do 9 de outubro de 2024, no que relata:

“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que en la urbanización denominada FONTE AREA FONTE DE ROBLES, existe un acceso para acceder al interior de una zona ajardinada y a la parte trasera de varios chalets de la mencionada urbanización. Este acceso se localiza frente al vial municipal denominado Cruz Vermella do Mar, 1C.6.0105 y la parcela se identifica con el número de referencia catastral 8593541NJ6289S.

Este acceso, hacia el interior del inmueble tiene un ancho de 4.70 m., existiendo en las aceras de la rúa Cruz Vermella do Mar un rebaje de 5,50 m. de longitud frente al mismo.

El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el número de referencia catastral 8593541NJ6289S, será de seis metros, (frente al vial de titularidad municipal que se identifica con el número de activo 1C.6.0105).”

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

.- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-

.- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalizarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar ao solicitante Jose [REDACTED] Prego co DNI [REDACTED] en representación da Comunidade de propietarios urbanización Fonte Area Fonte de Robles,, outorgando autorización de paso permanente de acceso no vial Cruz Vermella do Mar, 1C.6.0105, termo municipal de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 53 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

Segundo.- Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de vinte e dous euros con catorce céntimos (**22,14 €**); cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

Terceiro.- Expedir o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como ao interesado.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/V008/000005).

Fora da orde do día

En votación ordinaria e por unanimidade apróbase a inclusión na orde do día en aras de axilizar a tramitación do expediente dada a urxenza que conleva.

.-PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE EN LINGUA DE SIGNOS MARCO DO PROXECTO LAB LGBT (DEPUTACIÓN CORUÑA).-

“Alberto González Fernández, alcalde do Concello de Valdoviño, visto o informe técnico da educadora social dos Servizos Sociais Comunitarios que se transcribe a continuación:

“INFORME- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE INTÉRPRETE (LINGUA DE SIGNOS)

En data 04.11.24 contacta co Departamento de Servizos Sociais unha persoa representante da A.N.P.A Beiramar (CPI Atios) para solicitar o servizo de intérprete para que unha familia xorda que ten dous menores matriculados no centro poida participar nunha actividade organizada no marco do proxecto Laboratorio de apoderamento LGBT+, proxecto financiado pola Deputación da Coruña, o día 06.11.2024 de 17:00 a 19:00 da tarde.

INFORMO:

- 1. Que debido á necesidade que esta familia veciña de Valdoviño ten, especialmente no ámbito escolar e sociofamiliar, valorouse anteriormente formalizar un convenio que poida cubrir estes ou outros servizos, abríndoo a outras persoas xordas que sexan de Valdoviño ou veñan ao Concello a realizar algún trámite.*
- 2. Que a principios de ano a Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra presenta un modelo de convenio que é trasladado ao Departamento de Intervención co fin de valorar a súa adecuación e posterior formalización.*
- 3. Que o custo do dito Convenio estaría contemplado na solicitude do POS + ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS por un importe de 2750€.*
- 4. Que dende o Departamento de Servizos Sociais valórase fundamental garantir a accesibilidade a toda a veciñanza e que vexan respectados os seus dereitos, motivo polo que se informa novamente da necesidade de impulsar convenios de colaboración con entidades que ofrezan as garantías mencionadas.*
- 5. Que ao non existir o dito Convenio tómase de referencia o orzamento presentado anteriormente pola Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra para proporcionar o servizo solicitado, o cal ascende á cantidade de 264 euros.*

Infórmase para que sexa aprobado o gasto.

En Valdoviño a 05 de novembro de 2024

*Iria García Martínez
Educatora Social (Col. 3545)”*

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación do servizo de intérprete que se expón por importe de 264 euros coa Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento,

O alcalde,
Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C004/000007).

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo alcalde/